



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial de Ourense
Servizo Técnico Xurídico

Exp: 19/09

ID: 1427

17 Mayo, 2003
BOGOTOURIST

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

ACORDO:

Na cidade de Ourense, a tres de maio de dous mil cinco

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común coa denominación de *Communal do Penedo*, por solicitude dos veciños do lugar do Penedo, parroquia de Partovia (Santiago), do concello do Carballiño (Ourense).

Resultando que con data 1 de abril de 2002, tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, escrito dirixido ao Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar do Penedo, concello do Carballiño (Ourense), solicitando se declare o monte coa denominación *Communal do Penedo* como veciñal en man común.

Resultando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en sesión de data 21 de maio de 2003, acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciar o expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a Manuel Bouzas Costa e Belén Bris Marino, que aceptaron tal cargo na mesma sesión. Remitíronse comunicacións dirixidas aos veciños do lugar do Penedo, á Deputación Provincial de Ourense, ao Concello do Carballiño, á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do





Catastro, ao Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, á Delegación Provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e ao Rexistro da Propiedade do Carballiño

Publicáronse edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello do Carballiño segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado dun mes os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación.

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade do Carballiño, como segue:

Baixo o asento número 155 do Diario 36, practicouse a Anotación preventiva letra A, ao Folio 27, do Libro 155 do Carballiño, Tomo 506, leira 20.998.

Resultando que na tramitación do expediente se cumpriron tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten xurisdición e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter á teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.





Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescritible e inembargable; e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedir a "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar do Penedo, no concello do Carballiño

Considerando que de acordo co artigo 2 da Lei 13/1989 os montes veciñais en man común son bens inalienables, imprescritibles, indivisibles e inembargables, constituíndo esta natureza un carácter inherente ao monte con carácter preexistente.





Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacions recollidas resulta que os veciños do lugar do Penedo, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños do lugar do Penedo, para que este xurado puidese acordar a iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento; o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 106/2004, do 27 de maio de 2004, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:





ACORDA:

Primeiro. - Clasificar o monte coa denominación *Comunal do Penedo*, de 5,4 ha, en conxunto, aproximadamente de superficie a favor dos veciños do lugar do Penedo, parroquia de Partovia (Santiago), no Concello do Carballiño (Ourense), e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: O Carballiño (Ourense)

Denominación do monte : Comunal do Penedo

Comunidade propietaria: veciños do lugar do Penedo, parroquia de Partovia (Santiago).

Superficie: 5,4 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte. Monte O Penedo, propiedades particulares de Felisindo López Rodríguez e outros

Sur: propiedades particulares: Dositco Novoa Bravo e outros

Leste: estrada que vai ao Carballiño

Oeste: Regato de Varón, propiedades particulares de: Adolfo Hermida Pérez e outros





Descrición perimetral

Trátase dunha parcela sita ao redor do mesmo lugar do Penedo, comézase a descrición do perímetro no campo da festa do lugar, por onde se baixa por un camiño que vai cara ao río, ata chegar ao mesmo, deixando construcións de particulares á esquerda (ao norte) entre o comunal e a estrada. Ao chegar ao Regato de Varón séguese o mesmo cara ao sur deixando unha estreita marxe de propiedade particular. O muíño está fóra do comunal. Chégase a un valado e xa non se deixa ata a casa propiedade do cerrume. A continuación aparece unha pista que sobe hacia O Penedo onde se toma un camiño, que, en malas condicións chega á pista que vai a O Covelo. Séguese esta pista uns 50 metros en dirección a Covelo (oposta a O Penedo) e dende este punto sobe a estrema polo monte (cara ao nor-nordeste), delimitado por un muro semiderruído e lindando con particulares ata chegar á estrada que leva á OU-210 cara a O Carballiño. No último tramo distínguese o muro que separa o monte comunal das leiras de particulares, rematando na estrada cun poste do tendido eléctrico.

Donde a estrada vóltase cara a vila pola mesma, ata chegar á un camiño que se desvía á dereita (norte) por onde se continúa por este camiño semiabandonado ata chegar, facendo un semicírculo e deixando casas e propiedades particulares no interior, ao inicio no campo da festa do Penedo. Ao principio deste camiño o monte linda cunha plantación de eucaliptos e logo cunha touza. As propiedades de particulares que están no interior do comunal figurarán como encravados particulares fóra do monte veciñal.



O PENEDO

Felisindo López Rodríguez

Constantino Rodríguez

Bernardo Arancey Rodríguez

Antonio Presas Pérez

Adolfo Hermida Pérez

Herminda Domínguez Alanís

Jesús Domínguez Alanís

Poste da Luz

DU-210
(á Carballiño)

José Crespo Piteira

Irmãos López Bravo

Irmãos Pérez Crespo

Irmãos Presas García

Dositeio Nóvoa Bravo

á Covelo

Enclavados
Particulares

SUPERFICIE
5.4 ha.

COORDENADAS U.T.M.

	X	Y
A	575526,36	4696483,04
B	575536,23	4696484,86
C	575553,71	4696476,75
D	575585,31	4696457,96
E	575583,28	4696447,88
F	575595,91	4696441,02
G	575597,52	4696453,93
H	575570,56	4696492,03
I	575700,52	4696485,72
J	575722,4	4696474,16
K	575757,1	4696451,96
L	575777,99	4696419,97
M	575827,88	4696305,99
N	575719,71	4696218,07
O	575714,88	4696207,07
P	575657,93	4696195,27
Q	575658,86	4696241,84
R	575601,14	4696257,75
S	575596,26	4696266,45
T	575581,97	4696290,36
U	575584,89	4696301,79
V	575560,98	4696378,26
W	575524,05	4696405,86

Monte O Penedo

Propiedade dos veciños
do Penedo


Escala 1:2000


---- Camiño

..... Pista

----- Balado irregular







COORDENADAS U.T.M.		
	X	Y
A	575526,93	4696483,04
B	575536,23	4696484,86
C	575553,71	4696476,75
D	575585,31	4696457,96
E	575583,28	4696447,88
F	575595,91	4696441,02
G	575597,52	4696453,93
H	575670,56	4696492,03
I	575700,52	4696485,72
J	575722,40	4696474,16
K	575757,10	4696451,96
L	575777,99	4696419,97
M	575827,88	4696305,99
N	575719,71	4696218,07
Ñ	575714,88	4696207,07
O	575657,93	4696195,27
P	575658,86	4696241,84
Q	575601,14	4696267,75
R	575596,26	4696266,45
S	575581,97	4696290,36
T	575584,89	4696301,79
U	575560,98	4696378,26
V	575524,05	4696405,86

PLANO DE COORDENADAS U.T.M.

NOME DO MONTE: O PENEDO
PROPIETARIOS: VECIÑOS DE O PENEDO

PLANO Nº 2

ESCALA: 1/2.000